

Bases e prescricións técnicas para o procedemento de contratación dunha asistencia técnica para a comunicación do Galp Costa Sostible

Xustificación:

A EDLP do GALP Costa Sostible, define os contidos e o plan de comunicación que se ha de levar a cabo para difundir a EDLP do Grupo e contribuír a difusión entre os axentes económicos e a sociedade en xeral , dos valores de desenvolvemento sostible, incluídos os vinculados á responsabilidade social , definindo con este obxecto unha serie de accións a desenvolver: entre elas unha website, e o posicionamento do grupo nas redes sociais , accións xa desenvoltas en anualidades anteriores

Obxecto de contrato:

Desenvolver e executar o Plan de Comunicación do Galp Costa Sostible segundo o previsto na EDLP desta entidade, tendo en consideración que a_ prioridade do dito plan é a captación de proxectos de calidade no territorio

Traballos a desenvolver e condicións específicas de execución:

1. ACTUALIZACIÓN DE CONTIDOS NO SITIO WEB www.costasostible.com.

Seguindo as directrices marcadas polo Grupo, dita actualización no que respecta a proxectos dividirase en tres apartados:

- **Proxectos actuais**, cuxos contidos deberán estar actualizados na data máxima do 28 de Febreiro.
- **Novos proxectos**, cuxos contidos deberán estar actualizados no prazo dun mes dende que se reciban as novas resolucións de concesión de axudas.
- **Noticias**, que se subirán á paxina no momento que o grupo así o solicite.

Esta tarefa pode incluír a reorganización de apartados do actual sitio web ou a inclusión de apartados novos si o grupo así o solicita. A actualización de contidos requirirá da publicación de fotos actuais e de pequenas entrevistas ou vídeos.

. Así mesmo deberá elaborarse un informe bimensual co numero de visitas á paxina.

2. REDEFINICION DÁS MENSAXES A TRANSMITIR NOS CORREOS ELECTRÓNICOS DO GRUPO

Os correos electrónicos do grupo serán deseñados como un elemento mais de comunicación de xeito que no funcionamento dos mesmos se poida difundir a estratexia de sostibilidade do grupo

3. INCLUSIÓN E ADMINISTRACIÓN DE CONTIDOS NAS REDES SOCIAIS XERANDO E AUMENTANDO COMUNIDADE EN CADA UN DELES (Facebook, Instagram, Twitter e Youtube).

Esta tarefa requirirá presenza nas actividades e eventos organizados polo Grupo e será coordinado directamente coa xerencia do Grupo, así mesmo deberá presentarse un informe bimensual da información publicada nas mesmas e o impacto producido. Nas épocas de convocatoria de proxectos intensificarase a difusión.

O inicio de tarefas está previsto para o vindeiro 17 de febreiro e estenderase ata finais de ano. Os contidos serán de todo o territorio do Costa Sostible ademais de das actividades que este grupo realice, xerarán apoio aos proxectos financiados polo grupo, e a outras entidades que teñan por obxecto a promoción da actividade pesqueira, o desenvolvemento turístico do territorio, ou o desenvolvemento inclusivo. En cada período bimensual dúas das publicacións nas redes poñerá en valor a igualdade de xénero centrándose sobre todo no colectivo do sector pesqueiro

Este apartado levará incluído un prazo de resposta a comentarios que se poidan xerar nun prazo máximo de 24 horas, a repostas a estes comentarios deberá ser contrastada previamente coa xerencia.

3. ELABORACIÓN DUN NEWSLETER BIMENSUAL E CONTROL DAS SUBSCRICIÓNS O MESMO

O contido e pautas da elaboración desta información serán marcadas pola xerencia do Grupo .

4. REDACCIÓN DE NOTAS PRENSA, OU REPORTAXES E DESEÑO DE ANUNCIOS PUBLICITARIOS NESTE MEDIOS

5. MANTEMENTO DO DOMINIO RUTADOSFAROS.GAL E ACTUALIZACIÓN DE CONTIDOS NO MESMO NO MARCO DO ÁMBITO TERRITORIAL DO GALP

Requisitos:

SOLVENCIA TÉCNICA E ECONÓMICA.-

A solvencia técnica esixida é a de realización satisfactoria de traballos similares (en contido e duración temporal) nos tres últimos anos. Esta solvencia demostrase a partir de:

- Declaración responsable dos traballos realizados no tres últimos anos con especificación de do tipo traballo encomendado, a entidade encomendante (con datos de contacto para posible verificación) e o seu marco temporal.



- Documentación que ilustre e acredite os ditos traballos.

A solvencia económica demostrarase con:

- Alta no IAE correspondente
- Certificados de estar o día coa SS, Axencia Tributaria (AEAT) e Comunidade Autónoma (ATRIGA)

Así mesmo Acreditarían a súa capacidade para contratar mediante unha declaración responsable e cumprimentando o anexo II que acompaña a estas bases.

Contido das propostas:

As distintas propostas deberán especificar de maneira separada:

- a solvencia técnica da empresa en relación ós traballos a realizar,
- o plan de traballo no que se inclúan as tarefas recollidas no obxecto deste contrato, e se especifique aquelas outras posibles tarefas que a adxudicataria considere que pode desenvolver dentro do prezo.
- o orzamento pola realización dos mesmos, co IVE desagregado. O dito orzamento **expresarase como tarifa bimensual.**

Prazo e forma de presentación:

As propostas remitiranse a través do seguinte enderezo de correo electrónico:
galp.mar.costasostible@xunta.gal

O prazo de presentación rematará no prazo de quince días naturais contados a partir do día seguinte da publicación das seguintes bases.

Prezo do contrato:

O prezo máximo do contrato será de 14.900 euros +IVE .

Prazo de execución.

O prazo de execución rematará o 31 de decembro da presenta anualidade, sen prexuízo da posible extensión do mesmo sempre que:

-existan dispoñibilidades orzamentarias no GALP como consecuencia dunha eventual prórroga do seu convenio coa Consellería do Mar no que se asina o plan financeiro do grupo

o custo da eventual prórroga, sumado ao importe agregado dos importes bimensuais (adxudicados até o 31.12.2020), non supere o prezo máximo da licitación (14.900,00€ sen IVE).

que a necesidade que fundamenta a contratación subsista e os traballos fosen desenvolvidos a plena satisfacción da entidade contratante.

A posible extensión do contrato comunicarase ao adxudicatario con dous meses de antelación.

Pago do Prezo:

O prezo do contrato farase efectivo de forma bimensual, sempre que se executen os traballos, e previa entrega do correspondente informe de execución.

Valoración das ofertas:

O contrato será adxudicado a aquela empresa, de entre as que cumpran os criterios de solvencia que presente a oferta economicamente máis vantaxosa.

Obrigas do adxudicatario.-

- a) O adxudicatario queda obrigado a cumprir aos extremos a proposta presentada e valorada.
- b) O adxudicatario comprométese, a fin de facilitar o control e seguimento da execución do contrato, a remitir á Presidencia e a Xerencia, coa periodicidade bimensual, informes da súa xestión.
- c) O adxudicatario levará a cabo o servizo con absoluta profesionalidade coa debida dilixencia.
- d) O adxudicatario reconece expresamente que toda a documentación e traballos realizados, aos que tivera acceso por razón da presentación obxecto do presente contrato, son exclusiva propiedade da entidade contratante, polo que non poderá aplicalos ou empregalos para un fin distinto
- e) O resultado do traballo realizado, na súa totalidade ou en calquera das súas fases, así como calquera produto resultante serán propiedade do Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro

f) Os dereitos e obrigacións do presente contrato non poderán ser cedidos polo adxudicatario aun terceiro.

Muros a 27 de xaneiro de 2020

Daniel Formoso Moledo